



PLAN DIXITAL

CEIP FREI LUIS DE GRANADA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

| | |
|---|----|
| 1. Introducción..... | 4 |
| 1.1. Datos básicos do centro | 4 |
| 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro 5 | 5 |
| 1.3. Breve xustificación do mesmo | 6 |
| 1.4. Proceso de elaboración..... | 7 |
| 2. Situación de partida | 8 |
| 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais..... | 9 |
| 2.2. Análise DAFO..... | 11 |
| 3. Plan de Acción | 15 |
| 3.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais..... | 15 |
| 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestructuras tecnolóxicas | 19 |
| 4. Avaliación do plan | 19 |
| 5. Difusión do plan | 20 |
| ANEXOS..... | 21 |

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Frei Luís de Granada, código 27012012, é un centro público, onde se imparte o 2º ciclo de educación infantil e a etapa de primaria. Está situado no concello de Sarria (Lugo), na Praza de Galicia, s/n - C.P.: 27600. Pódese acceder a nosa páxina web a través da seguinte ligazón <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfreiluisgranada/>. Teléfonos: 982.870.838 (Secretaría) 982.870.839 (Dirección) 982.870.837 (Orientación).

No actual curso o centro ten matriculados a 80 alumnos na etapa de educación infantil e 325 na de primaria, facendo un total 405 alumnos. Contamos cun claustro composto por 34 profesores, dos cales 24 teñen destino definitivo no centro.

Espazos:

Un edificio principal composto de planta baixa e dúas altas en forma de H con dúas ás destinadas unha delas a aulas e espazos docentes e outra a residencia. Esta última está no momento actual sen uso, salvo na súa planta baixa destinada a administración e vivenda do conserxe. A parte central está destinada a diversos espazos comúns.

Con orientación norte-sur. Ó norte linda ca rúa do Peregrino, ó sur ca rúa Ánxel Fole, ó leste está o colexio público Frei Luís de Granada, edificio co que está conectado cunha pasarela na primeira planta. As escaleiras de acceso as plantas superiores, están situadas no medio do edificio. Conta cun ascensor habilitado para o seu uso para persoas con mobilidade reducida e persoal de comedor.

O edificio planta conta con gimnasios, cociña, despachos dirección, estudos, e sala de



na súa planta baixa dous locais para comedor, de xefatura de secretaría profesores,

así como os respectivos aseos separados por sexos.

Na primeira planta atópanse 2 aulas de educación infantil, 6 aulas de primaria, 1 aula de música, 1 biblioteca, 2 aulas de pedagogía terapéutica, 1 aula de audición e linguaxe, 1 sala de reunións, 2 aseos para o profesorado e 2 aseos para o alumnado.

Na segunda planta atópanse 12 aulas de primaria, 1 aula de inglés, 1 aula da sección bilingüe, 1 aula de relixión católica, 1 aula de informática, departamento de orientación, 1 sala de reunións, 2 aseos para o profesorado e 2 aseos para o alumnado.

Un edificio anexo que conta con 2 aulas de educación infantil e 1 aseo.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Frei Luís de Granada sitúase no concello de Sarria, na praza de Galicia s/n e conta cos servizos complementarios de comedor e transporte escolar, así como unha serie de actividades complementarias e extraescolares en colaboración coa ANPA e outras entidades públicas e privadas. É un centro que ten escolarizado a 405 alumnos/as. A maioría do persoal ten carácter definitivo no centro. O profesorado ten ansias de analizar e reflexionar sobre os factores que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe, para desenvolver actuacións conxuntas, innovadoras e que atendan á diversidade e á pluralidade. Para todo isto, estamos a converter o sistema no seu conxunto, nun axente activo, é dicir, tanto alumnado como profesorado aprendemos dende a propia experiencia, dende a práctica diaria, dende a reflexión e o debate, dende a propia avaliación introducindo as modificacións necesarias, para mellorar día a día o noso sistema educativo.

Actualmente o centro conta cunha ampla diversidade de alumnado en canto á súa procedencia étnica. Deste xeito contamos con familias procedentes de Marrocos, Paquistán, República Dominicana, Colombia, Perú, Venezuela, Brasil, Romanía, Bulgaria, Senegal... En xeral, o nivel socio-económico-cultural das familias do centro é medio-baixo, contando con situacións de desemprego e precariedade socioeconómica nalgúns casos. Todo isto debe terse en conta para coñecer como é o contexto do centro. Nestes últimos anos Sarria atópase en auxe en canto a poboación se refire, contando con cada vez máis familias inmigrantes, o cal permite contar cunha diversidade das aulas moi enriquecedora pero que supón un reto non exento de dificultade. Reto que implica unha suficiente dotación de recursos persoais e materiais cos que na actualidade non contamos.

Fai xa un tempo que o profesorado ven advertindo no alumnado unha situación de cambio, a cal pode deberse a distintos motivos pero que deriva en actitudes negativas en contra deste colectivo. Cada vez temos máis casos de alumnos con condutas altamente disruptivas que empregan a falta de respecto e mesmo da violencia verbal para dirixirse aos seus profesores e compañeiros, sobre todo cando van acadando os cursos elevados da Educación Primaria. Desde o Centro cada vez se ten que traballar máis o aspecto socioemocional e comportamental do alumnado en lugar de centrarse tanto no puramente académico. Vemos que a situación do alumnado tamén vai cambiando e o equipo

docente debe estar preparado para afrontar ditos cambios, pero para elo é imprescindible contar co apoio do ámbito familiar, fundamental para poder reconducir a situación do alumnado.

Este Plan Dixital (PD) intégrase dentro do Proxecto Educativo (PE) do centro, como un elemento dinamizador do traballo educativo cotiá. O Plan Dixital debe imbuír tódolos proxectos e Plans do centro, ofrecendo ferramentas de traballo motivadoras, inclusivas, e en definitiva, orientadas a todo o noso alumnado sexan cales sexan as súas características persoais e de referencia sociofamiliar.

Do mesmo xeito, a PXA do vindeiro curso 2022/23, deberá ter en conta este Plan Dixital, para desenvolver os obxectivos establecidos no Plan de Acción. Así mesmo, este Plan formará parte do Plan de Integración das TICs ou Proxecto de Educación Dixital, que se inclúe na PXA.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A situación da que vimos por mor da pandemia da COVID-19 que levou incluso ao peche dos centros educativos acelerou de maneira considerable a integración das tecnoloxías no proceso de ensino–aprendizaxe. Por suposto, somos conscientes da labor e o tempo dedicado por toda a comunidade educativa, e en especial polo profesorado que tivo que facer un gran esforzo nun momento de gran tensión social. A nosa escola tivo que adaptarse para dar resposta ás necesidades e demandas das familias e así poder formar aos alumnos coas competencias necesarias que lles axuden a desenvolverse nunha contorna dixitalizada. Para iso, é necesario que se elaboren e desenvolvan marcos de acción que permitan acordar e coordinar diversos aspectos que afectan o uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe.

Todo elo regulado polo seguinte marco lexislativo:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

A LOE establece:

Artigo 111 bis Tecnoloxías da Información e comunicación.

- As condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumpran os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes sistemas empregados no sistema educativo estatal.
- Faise referencia aos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e ao seu emprego dentro da vida académica.
- Faise fincapé na necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe
- procurando a eliminación de condutas de risco.

- As administracións educativas revisarán os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facilite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.
- As administracións educativas velarán polo acceso de todo o estudiantado aos recursos dixitais precisos que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os escolares.

Artigo 121. O proxecto educativo de Centro

O proxecto educativo de centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro de acordo co establecido no artigo 111bis.5.

Artigo 132. competencias da dirección dos centros

Inclúe dentro das competencias das persoas directoras promover a innovación e experimentación con novos métodos de ensino encamiñados a acadar os obxectivos propostos no PEC.

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021- 2022.

- Indícase que os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

- Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar. Defínense o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do PD fíxose mediante a creación dunha liña de traballo dentro do PFPP do centro neste curso:

L2106008 PFPP L2131006 Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital.

Formouse un Equipo para a Dinamización do Plan Dixital cun coordinador e a presenza dos membros do Equipo Directivo.

En certos momentos do proceso, foi necesaria a participación de todo o Claustro para a recollida de datos.

O Equipo do PD recibiu varias xornadas de formación presencias e vía webex, e ademais fixéronse reunións para a análise dos datos recibidos e a elaboración do Plan de Acción.

A temporalización foi a establecida para a realización do Plan Dixital:



2. Situación de partida

Contamos con infraestructuras moi básicas para o uso das TICs e para o desenvolvemento deste PD, polo que precisamos de moitas melloras na procura dos obxectivos deste plan.

- WIFI e redes cableadas: temos varias redes WIFI dispoñibles que dan cobertura á maioría dos espazos do centro, así como rede cableada en todas as aulas.
- 1 ordenador portátil en tódalas aulas e en espazos de uso común e con pizarras dixitais.
- Varias tablets para uso do alumnado.
- Cámara de video e de fotos.
- 21 ordenadores portátiles procedentes do programa Educa en Dixital Galicia.

* Inclúese como anexo inventario ca dotación de equipos informáticos cos que conta o centro.

En xeral, podemos considerar que é precisa a participación nun maior número de programas

relacionados cas TICs, coma pode ser o proxecto E-DIXGAL, iniciativas fundamentais para desenvolver unha dixitalización do centro que por outra banda conlevan unha importante dotación de recursos tecnolóxicos.

A xestión do mantemento do equipamento do centro realízase a través dunha empresa externa, financiada cos gastos de funcionamento internos, para todos aqueles equipos adquiridos polo noso centro mentres que o servizo técnico da UAC encárgase do mantemento dos equipos proporcionados pola Consellería.

Os servizos dixitais educativos empregados a diario son:

- Páxina web do centro.
- Espazo Abalar
- Abalar móbil.
- Correo corporativo.

Polo que respecta a conectividade, o centro dispón da seguinte conexión:

- Liña principal: FIBRA FTTH 1 GB – 1 GB.
 - A liña principal é unha conexión mediante fibra óptica e ofrece velocidades teóricas de descarga e subida de 1 GB.
- Liña de respaldo: RADIO-RED-ES PMW_500M_500M.
 - A liña de respaldo é un radio enlace (antena aérea) e ofrece velocidades teóricas de descarga e subida de 500 MB.

INFRAESTRUTURAS DE VOZ E DE DATOS (conexións cableadas e sen fíos)

A telefonía coa que conta o centro son extensións de telefonía IP da Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia (RCDXG).

A conectividade sen fíos do centro consiste en dúas conexións, wifi Abalar e wifi edu.xunta.es.

As conexións cableadas do centro establécense mediante rosetas (tomas de parede) para conectar cable de par trenzado de cobre RJ-45.

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Autoavaliación SELFIE: No mes de decembro de 2021, realizáronse unha serie de enquisas coa ferramenta SELFIE ao equipo directivo, profesorado e alumnado. Na seguinte táboa amósase un resumo dos resultados obtidos por grupos sobre 5.

| Áreas | Grupos | Ensinanza |
|-------|--------|--------------------|
| | | Educación Primaria |

| | | |
|--|----------------|-------------|
| A -Liderado | Equipo Direct. | 2,5 |
| | Profesorado | 1,9 |
| | Alumnado | Non procede |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 1,8 |
| | Profesorado | 1,7 |
| | Alumnado | 3 |
| C- Infraestruturas eEquipos | Equipo Direct. | 2,2 |
| | Profesorado | 1,5 |
| | Alumnado | 2,3 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 1,9 |
| | Profesorado | 3,2 |
| | Alumnado | Non procede |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 2,7 |
| | Profesorado | 3,6 |
| | Alumnado | Non procede |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 2,5 |
| | Profesorado | 3,3 |
| | Alumnado | 2,4 |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 2,5 |
| | Profesorado | 2,1 |
| | Alumnado | Non procede |
| H- Competencias dixitaisdo alumnado | Equipo Direct. | 2 |
| | Profesorado | 1,6 |
| | Alumnado | 2,8 |

Test CDD: Información recollida do test CDD

Ao longo do mes de febrero de 2022, a través de Fprofe, o profesorado de toda Galicia realizou de forma voluntaria un test de nivel para valorar a súa competencia dixital, os resultados foron os seguintes:

1.1. Participación do centro

| | Nº profesorado que participa | Nº profesorado total | % de participación |
|--------|------------------------------|----------------------|--------------------|
| CENTRO | 34 | 44 | 77,3 % |

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 20 | 25 | 80% |
| PROVISIONAL | 2 | 3 | 66,7% |
| INTERINO | 1 | 1 | 100% |
| SUBSTITUTO | 2 | 4 | 50% |
| DESPRAZADO | 9 | 11 | 81,8% |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 60,6 | Explorador/a (A2) | 76,5 | Integrador/a (B1) |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas.

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| E.I. | 60,1 | Explorador/a (A2) | 68,2 | Integrador/a (B1) |
| E.P. | 52,2 | Explorador/a (A2) | 77 | Integrador/a (B1) |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | 4 | 11,8 % |
| A2 | 19 | 55,9 % |
| B1 | 7 | 20,6 % |
| B2 | 2 | 5,9 % |
| C1 | 1 | 2,9% |
| C2 | 1 | 2,9 % |
| TOTAL | 34 | 100 % |

2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-----------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <ol style="list-style-type: none"> Axeitado acceso a internet en todas as dependencias do centro. Acceso a internet en todas as aulas por ethernet e wifi. Todas as aulas contan con proxeutor e ordenador portátil. | <p>Insuficiente dotación de equipos informáticos para uso do alumnado.</p> <p>Non están suficientemente actualizados os equipamentos informáticos e elo dificulta o proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Insuficiente número de dispositivos para favorecer unha aprendizaxe dixital.</p> <p>Non hai un espazo físico adicado exclusivamente ó traballo dixital.</p> <p>5. Non existen bibliotecas en liña con materiais de ensinanza aprendizaxe. 6. Equipos de telefonía moi obsoletos.</p> <p>7. Necesidade de contar con teléfono en conserxería.</p> <p>8. Ausencia de timbre no exterior do centro como aviso de solicitude de entrada ao interior.</p> |
| | PERSONAL DOCENTE | <ol style="list-style-type: none"> O profesorado fai un gran uso de recursos educativos en liña. | <ol style="list-style-type: none"> Desinterese pola implantación do libro dixital a través do programa E-Dixgal. |

| | | |
|-------------------------------|---|--|
| | <p>2. O profesorado amosa predisposición para a creación de recursos dixitais que reforcen a súa labor docente.</p> <p>3. Os docentes utilizan tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>4. O profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para o fomento da creatividade do seu alumnado.</p> <p>5. O equipo docente leva a cabo actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado.</p> <p>6. O profesorado valora positivamente o desenvolvemento profesional en liña.</p> <p>7. O profesorado participa nas actividades formativas referentes á mellora da competencia dixital.</p> <p>8. Unha gran parte do profesorado non se sente seguro empregando as novas tecnoloxías.</p> | <p>2. Insuficiente emprego de prácticas de avaliación facilitadas pola tecnoloxía, incluíndo información e retroalimentación do alumnado.</p> <p>3. Baixo uso da tecnoloxía para avaliar ao alumnado en actitudes éticas e respecto da imaxe e dos dereitos intelectuais das publicacións on-line.</p> <p>4. Certo descoñecemento da lexislación que regula a publicación en internet de imaxes do alumnado.</p> <p>5. Insuficiente emprego de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>6. Baixo uso da tecnoloxía para facilitar a colaboración/cooperación entre o alumnado.</p> <p>7. Os docentes non fomentan a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares a través do uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>8. Os docentes amosan baixo nivel de participación na realización da enquisa SELFIE necesaria para a elaboración dun informe DAFO que parta da realidade.</p> <p>9. Os docentes non avalían o seu progreso coas novas metodoloxías.</p> <p>10. O equipo docente non debate sobre o uso das tecnoloxías.</p> <p>11. Limitada competencia dixital do cadro docente.</p> <p>12. O profesorado non participa en redes profesionais.</p> <p>13. O profesorado non colabora dentro da escola para o uso da tecnoloxía dixital.</p> |
| PERSOAL NON DOCENTE | | <p>1. Non dispoñen de acceso á wifi do centro nin mensaxería ABALAR ao non contar con conta corporativa da Consellería de Educación.</p> |
| ALUMNADO | <p>1. O alumnado amosa un comportamento responsable e seguro á hora de empregar a tecnoloxía.</p> <p>2. O alumnado atopa a información que precisa na web do centro.</p> <p>3. O alumnado non precisa empregar software de pago na casa para a realización de actividades educativas.</p> <p>4. O alumnado non pide axuda para utilizar o software ou as aplicacións nin a familiares, nin a amizades nin ao profesorado, na realización de tarefas educativas que realizan na casa.</p> <p>5. O alumnado valora positivamente o funcionamento da aplicación AbalarMobil (avisos, notificacións, xustificación de faltas...)</p> | <p>1. Moi baixo emprego de recursos tecnolóxicos no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe tanto no ámbito escolar como familiar.</p> <p>2. Percepción das ferramentas tecnolóxicas soamente como ocio e non como un recurso educativo.</p> <p>3. O alumnado outorga pouco recoñecemento ao traballo dos demais.</p> <p>4. O alumnado non crea contidos dixitais propios.</p> <p>5. O alumnado ten unha baixa competencia para resolver problemas técnicos.</p> <p>6. Non se contempla que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as clases.</p> <p>7. O alumnado ten un acceso moi limitado a dispositivos dixitais (únicamente na aula cun só ordenador).</p> <p>8. O alumnado ten un acceso limitado a internet (únicamente na aula).</p> |
| FAMILIAS | <p>1. Existe profesorado implicado para colaborar coas familias a través das TICS.</p> <p>2. Emprego de aplicacións tecnolóxicas para avisos e notificacións ás familias.</p> | <p>1. Equipo directivo e profesorado consideran na súa maioría que existe unha baixa competencia dixital por parte das familias, así como o acceso limitado do alumnado a unha conexión estable ou a dispositivos dixitais.</p> |
| OFERTA | <p>1. O equipo directivo promove o emprego do software libre no ámbito educativo</p> <p>2. O profesorado conta co apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con medios tecnolóxicos e audiovisuais.</p> <p>3. O centro oferta e difunde a través da páxina web o servizo de madrugadores e concilia.</p> <p>4. O centro promove unha alimentación saudable a través da web e da cociña in situ do comedor escolar.</p> <p>5. Ofértase transporte escolar contemplado na páxina web.</p> | |
| ORGANIZACIÓN DO CENTRO | <p>1. A web do centro actualízase con bastante frecuencia.</p> <p>2. O equipo directivo apoia o uso de tecnoloxías dixitais.</p> | <p>1. Non existe unha estratexia dixital coherente.</p> <p>2. Infrutilización do correo corporativo para notificacións de relevancia tales como convocatorias</p> |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | | <p>3. O centro promove a creación conxunta de coñecemento a través do Plan de formación respaldando así novos modelos de ensino-aprendizaxe</p> <p>4. O equipo directivo implícase na modernización tecnolóxica das aulas.</p> | <p>de Claustro, comunicación da orde do día, envío de actas... que faciliten a información e o seu coñecemento a tódolos membros do Claustro dun xeito oficial.</p> <p>3. Inexistente dixitalización das compras necesarias para o traballo docente. 4. Imposibilidade de realizar compras online coa dificultade engadida de que os docentes teñamos que adiantar cartos ao centro e , posteriormente, cobrar a través de cheque bancario.</p> <p>5. Hai unha fenda dixital en canto a poder identificar e solucionar dificultades.</p> <p>6. O centro educativo non ten experiencia no uso de entornos de aprendizaxe.</p> <p>7. O centro educativo non ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados.</p> <p>8. O centro educativo non ten a política de “BYOD Trae tu propio dispositivo”.</p> <p>9. O centro educativo non colabora con outros centros e organizacións.</p> <p>10. O centro educativo non ten unha estratexia dixital.</p> |
|--|--|--|--|

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|-------------------|---------------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | <p>1. Colaboración con entidades locais para a adquisición de equipos</p> <p>2. Participación en programas externos relacionados coas TICS</p> <p>3. Fomento da formación a través dos PFPPs.</p> <p>4. Aproveitar as diferentes modalidades de formación organizadas pola Administración en competencia dixital que, en grande medida, axústanse ás necesidades formativas do profesorado .</p> | <p>1. Nula dotación de hardware e software por parte da Administración para a actualización dos equipos informáticos.</p> <p>2. Aposta da Administración enfocada enteiramente ao software libre que presenta moitas vantaxes pero tamén ten os seus inconvenientes.</p> <p>3. Ausencia de perfil de orientación na aplicación ABALAR.</p> <p>4. Imposibilidade de anexar documentos a través do servizo de mensaxería de ABALAR.</p> <p>5. O centro ten que mercar gran parte dos equipos informáticos a cargo do presuposto de mantemento.</p> <p>6. Excesiva carga burocrática da Administración ao profesorado que ademais ten escasa ou nula transcendencia na práctica real e inhibe as pontencias iniciativas á hora de tratar de innovar dixitalmente.</p> <p>7. Insuficiente tempo para que os docentes poidan desenvolver unha ensinanza dixital.</p> |
| | LEXISLACIÓN | <p>1. Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e as súas contornas.</p> | <p>1. descoñecemento da lexislación na súa totalidade por parte do profesorado en materia de Licenzas.</p> <p>2. Lexislación confusa ante os perigos da rede.</p> |
| | CONTORNA | <p>1. Creación de canles colaborativas e asesoramento entre o profesorado do noso centro e o do resto da vila.</p> | <p>1. Baixo nivel socioeconómico que non permite ao alumnado traballar cos seus propios dispositivos no centro.</p> <p>2. Espazo escolar limitado para o desenvolvemento tecnolóxico. 3. O baixo nivel socio-económico da contorna fai que moito alumnado non dispoña na casa de equipos informáticos con conexión a internet.</p> <p>4. Baixa competencia dixital das familias.</p> |
| | OUTRAS ENTIDADES | <p>1. Posibilidade de compartir experiencias con outros centros.</p> | <p>1. Non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras</p> |

| | |
|--|--|
| | |
|--|--|

organizacións ou entidades mais aló do correo corporativo.

3. Plan de Acción

3.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

| Área/s de mellora: INFRAESTRUTURA EQUIPOS | | | | | | |
|---|-------------------------------------|-------------------|-----------------------------|-----------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 1: | Nomear persoa coordinadora das TICs | | | | Acadado | |
| Responsable: | Dirección e Xefatura de Estudos | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: | Nomeouse o coordinador/a? | | | | | |
| Valor de partida: | Non existe coordinador TICs | | | | | |
| Valor previsto e data: | O/a coordinador/a está nomeado | | | 30/09/22 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO1.1: Promover no primeiro claustro do curso a designación do Coordinador/a das TICs | Dirección/Xefatura de Estudos | 30/09/22 | Equipo directivo e claustro | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Liberar de carga lectiva (2 sesións semanais) ao coordinador das TICs | Xefatura de Estudos | 30/09/22 | Xefatura de Estudos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.3: Definir funcións da persoa coordinadora das TICs | Equipo Directivo | 30/09/22 | Equipo Directivo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: INFRAESTRUTURA EQUIPOS | | | | | | |
|---|--|-------------------|---|---------------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 1: | Poñer en marcha a aula de informática | | | | Acadado | |
| Responsable: | Coordinador/a TICs | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: | Crearonse 21 postos informáticos? | | | | | |
| Valor de partida: | Inexistencia de ordenadores na aula de informática | | | | | |
| Valor previsto e data: | 21 postos informáticos | | | Ao remate do 1º trimestre | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO1.1: Traslado de 21 equipos informáticos dende o almacén ata aula de informática. | Coordinador TICs e conserxe | 20/10/22 | Coordinador TICs e conserxe. Carrito de transporte. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Solicitud á UAC da conexión, actualización e posta en funcionamento dos equipos. | Coordinador TICs | 20/12/22 | Coordinador TICs UAC | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: INFRAESTRUTURA EQUIPOS | | | | | | |
|---|--|-------------------|---|-----------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 2: | Facer uso do correo corporativo para notificacións oficiais do centro | | | | Acadado | |
| Responsable: | DIRECCIÓN E SECRETARÍA | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: | Emprégase o correo corporativo como medio de difusión preferente da información do centro (convocatorias para reunións de órganos colexiados, ordes do día, actas, rendemento de contas...)? | | | | | |
| Valor de partida: | Non se emprega o correo corporativo como medio de difusión preferente entre o persoal docente. | | | | | |
| Valor previsto e data: | Establecer o uso do correo corporativo como medio de difusión preferente da información do centro | | | 30/09/2022 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO2.1:Trasladar á Dirección do centro a necesidade dun cambio na maneira de difundir a información oficial do centro (convocatorias de reunión, ordes do día..) | Coordinador Plan Dixital | 30/09/22 | Coordinador Plan Dixital e Equipo Directivo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.2: Solicitar á secretaría do centro o emprego do correo corporativo para informar ao claustro sobre as actas das reunión, rendemento de contas... | Coordinador Plan Dixital e Equipo Directivo | 30/09/22 | Coordinador Plan Dixital e Equipo Directivo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: INFRAESTRUTURA EQUIPOS | | | | | | |
|--|--|-------------------|---|-----------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 1: | Dixitalizar as compras no centro | | | | Acadado | |
| Responsable: | Dirección e secretaría | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: | Dixitalizáronse as compras no centro? | | | | | |
| Valor de partida: | Non existe dixitalización das compras no centro. | | | | | |
| Valor previsto e data: | As compras do centro están dixitalizadas e os mestres poden solicitar compras sen ter que adiantar eles o diñeiro. | | | 01/10/22 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO1.1: Comunicar á secretaría do centro a necesidade de promover a dixitalización das compras. | Coordinador Plan Dixital e Equipo Directivo | 15/09/22 | Coordinador Plan Dixital e Equipo Directivo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Informarse dos trámites necesarios e instaurar a nova maneira de tramitar as compras. | Coordinador Plan Dixital e Equipo Directivo | 01/10/22 | Coordinador Plan Dixital e Equipo Directivo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestructuras tecnológicas

En consonancia coa indicacións establecidas por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital, para o desenvolvemento de programas e proxectos do noso centro, consideramos preciso dar resposta ás seguintes necesidades:

Equipamento.

Precisamos dunha maior dotación de equipamento e da renovación dunha boa parte deste. É preciso contar con equipos de sobremesa mais potentes capaces de desenvolver tarefas de edición de audio, imaxe e vídeo.

Distribuír entre todas as clases un equipamento mínimo para poder traballar as competencias dixitais co grupo clase en horario lectivo, contando tanto cos recursos propios como os posibles que poidan aportar os alumnos.

Adquisición de licencias de windows dado que os entornos Linux non permiten a instalación de moito software educativo necesario para os procesos de ensino-aprendizaxe.

Carro de chromebooks para a aula móbil no que dispor dos 21 chromebooks cos que conta o centro para a realización de tarefas didácticas que requiran do uso de recursos dixitais nas aulas.

Dotar á biblioteca de libros electrónicos (E-books) cun atractivo catálogo con fondos literarios de interese para o alumnado.

Necesidade de proporcionar tabletas dixitais, especialmente na etapa de educación infantil, por ser espazos interactivos que poden empregar de forma autónoma empregando os seus dedos ou bolígrafo. Potencia capacidades para arrastrar, unir, seleccionar, etc. que desenvolven a súa coordinación e favorecen a motricidade fina que nesta etapa está en proceso de afinamento para o proceso de adquisición da escritura.

Dispor dun chroma para empregar nos proxectos que se desenvolven ao longo do curso escolar e que requirirán de gravacións nas que empregaremos dito chroma.

Formación do profesorado.

Necesidade de continuar fomentando a formación ao profesorado para que poida incluír as TICs na súa práctica docente.

Infraestrutura.

Necesidade de creación dunha aula multimedia que conte con proxector, pantalla dixital, e 25 dispositivos portátiles para o alumnado.

4. Avaliación do plan

Como base para unha mellora continua, recompilaranse resultados, e a avaliación de das

accións e procesos que se levaron a cabo mediante a ferramenta SELFIE. Co claustro preceptivo de final de curso presentaranse os resultados.

Ao longo do curso farase unha avaliación tanto procesual como final, atendendo aos obxectivos establecidos no Plan de Acción.

A temporalización desta avaliación será trimestral e realizarase en base a tres dimensións:

- a) Grao de satisfacción do alumno coa súa aprendizaxe “dixitalizada”: estes cuestionarios serán as propias ferramentas creadas polo profesorado para unha autoavaliación sobre cuan útiles son os pasos dados no perfeccionamento dixital do ensino-aprendizaxe.
- b) A capacidade do profesorado para dar resposta ás necesidades dos seus alumnos en contornas educativas dixitais. Será o coordinador/a do P.D.C ou Coordinador/a TIC quen registre e avalíe as evidencias entregadas polo profesorado na aula virtual ou noutros soportes creando recursos dixitais.
- c) Mellora da competencia dixital do alumnado. Para iso realizarase unha estatística descritiva para o claustro final onde se poidan extraer conclusións acerca da eficacia de todo o proceso de dixitalización e da mellora nas destrezas dixitais do alumnado.

No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos fundamentais a valorar serán os relativos ao logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

O propio Plan de Acción, nos obxectivos plantexados, inclúe unha lista de cotexo como **instrumento de avaliación** para o seguimento do PD.

O proceso de implementación, ao ser un proceso vivo e modificable, poderá requirir o uso doutros instrumentos de avaliación se fose necesario

5. Difusión do plan

Seguirase unha estratexia de difusión do PD en consonancia co Plan de Comunicación que xa ten establecido o centro no referente aos documentos e proxectos:

- Publicación do PD na web do centro.
- Dar difusión do PD a nivel de centro a todo o Claustro e Consello escolar mediante as xuntanzas que se fan regularmente ao longo do curso e mediante os Equipos de Traballo.

ANEXOS